

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día vinte e oito de abril de dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez. e Jairo Orjales Sande. Non asistiu María José López Lamigueiro, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día 10.04.2015 Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a acta anterior.

2. Sorteo para nomear os membros das mesas electorais para as eleccións locais do día 24.05.2015. Realizado por medios informáticos o sorteo, a composición das mesas electorais é a seguinte :

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA A

Presidente: María Belén Breijo López

1er. Vocal: Daniel Fernández Pérez

2º. Vocal: Christelle Diaz Diaz

1º. supl. presidente: Cristobal López Caneiro

2º. supl. presidente: Gabriel Martínez Caneiro

1º. r. supl. vocal 1º: Ana Isabel Novo Bouza

2. supl. vocal 1º: Juan Alberto Villar Sueiras

1er. supl. vocal 2º: Susana García Pérez

2. supl. vocal 2º: Oscar González Calderon

DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA B

Presidente: Ari López Vidal

1er. vocal: Andres Carballo Redondo

2º. Vocal: Cristian Carrodeguas Graña

1er. supl. presidente: M. Amalia Díaz Rodríguez

2º. supl. presidente: Alexis Fernández Muiño

1er. supl. vocal 1º: Mónica María Muiño Veiga

2º. supl. vocal 1º: Jorge López Gómez

1er. supl. vocal 2º: Darío Rivas Hermida

2º supl vocal 2º :Angel López Santalla

3.- Moción do grupo municipal do BNG de Cerdido en prol do mantemento e gratuidade dos rexistro civís . Leída a moción que se copia deseguido : O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuito acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP

no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais. O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos. Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora pónense en mans privadas, impondo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza. Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte ACORDO 1. Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís, 2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís, 3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza. Cerdido, 7 de abril de 2015. Asdo. Jairo Orjales Sande Portavoz do GM do BNG de Cerdido


Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobou a moción anterior

O concelleiro Jairo Orjales Sande , explica que cando se presentou esta moción aínda non se anunciara que se retiraba esta medida , pero pensa que esta medida foi froito da presión social e da cercanía da convocatoria electoral e pensa que pasadas as eleccións poden volver a propoñela polo que cree necesario manter esta moción .

A alcaldesa anuncia que se recibiu tamén no Concello , unha proposta da FEGAMP que rexeita esta medida de eliminación dos rexistros civís nos Concellos e anuncia que este acordo con que os Rexistros Civís permanezan nos Concellos porque así están mais preto dos veciños .

O concelleiro Benigno Galego Castro anuncia o seu acordo coa moción e pensa que tras as eleccións volverase a plantexar o tema .

4.-Dar conta dos Decretos da Alcaldía . A secretaria deu lectura os decretos que se relacionan deseguido :



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Núm.	Data	Descrición
Marzo 2015		
31	02/03/2015	Aprobación de facturas do núm. 46 ao núm. 73
32	03/03/2015	Convocatoria dun pleno extraordinario
33	04/03/2015	Aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos á praza de persoal laboral de servizos varios
34	05/03/2015	Recoñecemento do complemento de antigüidade a Sonia Pérez Teijeiro
35	06/06/2015	Aprobación da certificación de obra nº 1 da obra "Acondicionamento da planta baixa do edificio de As Felgosas e aprobación da taxa
36	10/03/2015	Aprobación do expediente de incorporación de remanentes
37	11/03/2015	Acordo de contratación dunha auxiliar de axuda no fogar para cubrir a baixa dunha traballadora
38	11/03/2015	Acordo de rexeitamento e de acceso á documentación, solicitada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE.
39	12/03/2015	Aprobación dos recibos do SAF do mes de febreiro de 2015
40	13/03/2015	Aprobación de facturas do núm. 74 ao núm. 97
41	16/03/2015	Autorización de uso da casa da cultura ao grupo municipal do BNG para unha reunión do partido o 4 de abril
42	17/03/2015	Autorización de uso da casa da cultura ao grupo municipal do PSdeG-PSOE para unha reunión con veciños o 20 de marzo
43	18/03/2015	Aprobación do presuposto remitido por Actficom S.L
44	19/03/2015	Alta no padrón municipal de habitantes en Cabanas, 8
45	24/03/2015	Aprobación do expediente de modificación de créditos núm 2/15
46	25/03/2015	Aprobación de facturas do núm. 78 a 114
47	25/03/2015	Inicio do procedemento de elección de xuíz de paz
48	27/03/2015	Autorización de uso da casa da cultura ao grupo municipal do PSdeG-PSOE para unha xunta con veciños o 4 de abril
49	27/03/2015	Autorización a U.C. Cebarca para pechar unha vía municipal ao tráfico rodado
50	27/03/2015	Aprobación do expediente, procedemento e gasto da obra "Camiño cruce de Cruz Encarnada- Vilarelle a Vilela, de Vilela a Felgueira e outros"
51	30/03/2015	Autorización a U.C. Cebarca para realizar unha xuntanza e usar a megafonía
Abril 2015		
52	06/04/2015	Convocatoria do XV Concurso de contos de Cerdido
53	07/04/2015	Convocatoria de pleno extraordinario
54	13/04/2015	Aprobación do presuposto e do gasto da obra menor para o subministro de estantes para o arquivo municipal
55	14/04/2015	Autorización a Promacer para usar a casa da cultura o 9 de maio para unha xuntanza de asociacións de propietarios de madeira
56	14/04/2015	Acordo de solicitude á Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios
57	14/04/2015	Aprobación de facturas do núm. 116 a 141

58	16/04/15	Adxudicación da obra: Camiño Pozadauga -O Covelo (A Barqueira -Os Casás), á empresa Jose No Mantiñan e hijos
59	17/04/2015	Autorización de uso da casa da cultura ao grupo municipal do PSdeG-PSOE para unha reunión con veciños o 17 de abril
60	17/04/2015	Aprobación dos recibos do SAF do mes de marzo de 2015
61	20/04/2015	Aprobación da liquidación do exercicio económico 2014
63	22/04/2015	Aprobación da certificación nº 2 da obra “acondicionamento da planta baixa do edificio de As Felgasas”
64	22/04/2015	Aprobación da certificación núm. 4 e final da obra “modificado camiño Rego da Madeira -Limite co Concello de Moeche (Os Casás) e outros
65	22/04/2015	Convocatoria de pleno extraordinario

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita aclaración sobre os seguintes Decretos :

Núm. 43 . A alcaldesa explica que se trata de aprobación do presuposto para o socorrismo acuático na Piscina


Núm. 45 , A alcaldesa explica que se trata dun expediente de modificación de crédito para incorporar as subvencións da Deputación Provincial

Falta o núm. 62 , a que se debeu . A alcaldesa explica que foi un erro administrativo

5.-Dar conta da Liquidación do presuposto 2014 . A secretaria deu lectura o Decreto da Alcaldía que se transcribe a continuación :

Tramitado o expediente da liquidación do presuposto municipal de 2014, e tendo en conta os informes redactados pola secretaria-interventora e en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, esta Alcaldía **ACORDA: PRIMEIRO:** Aprobar a **liquidación do exercicio económico de 2014**, de acordo co seguinte detalle de resultados:

1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:	191.500,45 €
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	193.072,54 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	14.501,13 €
c.- de operacións non presupostarias	17.956,63 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	34.029,85 €
2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio	131.979,27 €
a.-De presuposto corrente	102.478,01 €
b.- De presuposto pechado	660,94 €
c.-Outras operacións non presupostarias	28.840,32 €
d.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio	38.408,93 €
4. Remanente de tesourería total (3+1- 2)	97.930,11 €



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

5.- Saldo de dudoso cobro	5.412,07 €
6.- Exceso de financiamento afectada	1,124,38 €
Remanente de tesourería para gastos xerais (4 -5-6)	91.393,66 €

1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1.192.997,67 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.234.703,21 €
3. Resultado Presupostario (1 - 2)	-41.705,54 €
4. Desviacións positivas de financiamento	1.124,38 €
5. Desviacións negativas de financiamento	1.074,92 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	124.800,00 €
7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=	83.045,00 €

SEGUNDO : En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira a execución do presuposto do ano 2014, incumpríuse o obxectivo de estabilidade presupostaria segundo se desprende do informe da secretaria – interventora e se recollen nos seguintes cadros :

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes liquidados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, sen realizar ningún axuste, é de -41.705,54 €.

Liquidación de ingresos Dereitos recoñecidos netos		Liquidación de gastos Obrigacións recoñecidas netas	
Capítulo 1	174.854,69 €	Capítulo 1	418.981,21 €
Capítulo 2	3.646,39 €	Capítulo 2	390.930,22 €
Capítulo 3	106.292,54 €	Capítulo 3	18,00 €
Capítulo 4	596.213,38 €	Capítulo 4	10.789,75 €
Capítulo 5	23.972,49 €	Capítulo 5	0,00 €
Capítulo 6	0,00 €	Capítulo 6	413.984,03 €
Capítulo 7	288.018,18 €	Capítulo 7	0,00 €
TOTAL	1.192.997,67 €	TOTAL	1.234.703,21 €

Capacidade/Necesidade de financiamento ANTES dos axustes: - 41.705,54 €

O saldo non financeiro unha vez aplicado os axustes establecidos no manual do IGAE e recollidos no informe da secretaria -interventora arroxa o seguinte resultado negativo

Dereitos recoñecidos netos (cap 1-7)	1.192.997,67 €
Axuste ingresos fiscais(-)	-822,49 €
Axuste transferencias de capital e correntes pendente de ingreso (-)	0,00 €

Devolución PTE 2008-2009-2010	9.121,97 €
Axuste de transferencias de capital e correntes. Cobros de exercicios pechados (+)	0,00 €
Dereitos recoñecidos netos (SEC 95)	1.201.297,15 €
Dereitos recoñecidos netos (SEC 95) cos axustes antes explicados	1.201.297,15 €
Obrigación recoñecidas netas	1.234.703,21 €
Diferencia	-33.406,06 €

A variación dos pasivos financeiros foi nula, o concello carece de préstamos pendentes de amortizar e non se endebedou .**SEGUNDO:** Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda.

A alcaldesa explica que estes datos derivan da incorporación dos remanentes , hai un desfase entre os capítulos 1ao 7 de ingresos e gastos porque se usou os remanentes . O Concello non esta endebedado

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita aclaración sobre a devolución do PTE , a alcaldesa explica que o Estado liquida cada ano unha cantidade aos concellos e que logo fai un axuste , que pode ser positivo i negativo e que a Cerdido tocoulle devolver cartos .

6.-MOCION DE URXENCIA . A alcaldesa presenta por urxencia unha moción para aprobar o modelo de declaración de bens e de actividades dos concelleiros ,xa que hai que adaptalos a normativa actual . Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a inclusión deste asunto na orde do día . A secretaria procede a súa lectura .

Dada a necesidade de adaptar o modelo de declaracións de bens e de actividade dos concelleiros á normativa vixente, esta Alcaldía ao abeiro do disposto no artigo 30 a 32 do Regulamento de Organización , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propón a adopción do seguinte acordo :**Primeiro** :Aprobar o modelo de declaración de bens e de actividades que fai referencia o artigo 75.7 e a disposición adicional decimoquinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local que figura como anexo a este acordo : Cerdido, 28 de abril de 2015. A Alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. Os **membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior** .

PRIMEIRO APELIDO:


SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DATA DE PRESENTACIÓN DE CREDENCIAL:

DATA DE ELECCIÓN:

En cumprimento do disposto no artigo 160.1 da Lei orgánica do réxime electoral xeral o concelleiro cuxos datos aparecen reflectidos no encabezamento deste impreso formula a seguinte



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

DECLARACIÓN DE ACTIVIDADES

I. ACTIVIDADES PÚBLICAS DESEMPEÑADAS

1. Cargos públicos desempeñados

Rógase que especifique o cargo desempeñado co maior grao de detalle posible.

2. Exercicio da función pública ou de calquera posto ao servizo dunha administración pública

- Rógase que especifique a administración para a que presta os servizos, así como o tipo de relación coa mesma.

- No caso e ac'q'pae e qcpqa qm ea a coqs'a s so q'oe o as s q'acp'q e s q'os
s c'q'oe qe q'a q'

II. ACTIVIDADES PRIVADAS DESEMPEÑADAS

1.- Actividade privada por conta allea

- Rógase que especifique os seguintes extremos:

- Na'e za ea ac'q'pae o coq'a a e s m ñaea;

- Nom obx'c' o soca ea m sa qa qe s' a os s es s q'os qo s e caso a acp'q
q' s' a maq'eq coa Aemq'acp'q Púb'ca.

2. Actividade privada por conta propia

- Rógase que especifique os seguintes extremos:

- Na'e za ea ac'q'pae e s m ñaea;

- No seu caso, tipo de servizos que presta á Administración Pública e natureza dos ingresos percibidos desta.

III.-INGRESOS CON CARGO AO SECTOR PÚBLICO

- Rógase que especifique se percibe algunha remuneración con cargo aos orzamentos dunha Administración Pública ou dun ente público, incluídas as pensións de dereitos pasivos ou da seguridade social, debendo consignar, no seu caso, a entidade pagadora e a causa que xustifica o pago.

IV.-FUNCIÓNS AO SERVIZO DE ESTADOS ESTRANXEIROS

- Rógase que especifique, no seu caso, o cargo ou función que ostenta e o Estado que o conferiu.

V.-OUTRAS ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

- Rógase que especifique o tipo de actividade desempeñada e, no caso en que realice actividades para entes públicos, se recibe unha remuneración ou unha mera compensación polos gastos de desprazamento realizados.

E, para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración.

Data: Firma: Ante min , a secretaria

DECLARACIÓN DE BENS E RENDAS DE CONCELLEIROS

Nome e apelidos	
Estado civil	Réxime económico matrimonial

Data de elección como concelleiro	Data de presentación da credencial
-----------------------------------	------------------------------------

RENDAS PERCIBIDAS POLO CONCELEIRO ¹		
PROCEDENCIA DAS RENDAS	CONCEPTO	EUROS
Percepcións netas de tipo salarial, soldos, honorarios, aranceis e outras retribucións, calquera que sexa a súa denominación.		
Dividendos e participación en beneficios. de sociedades, comunidades ou entidades de calquera clase		
Intereses ou rendementos de contas, depósitos e activos financeiros		
OUTRAS rendas ou percepcións de calquera clase ²		

CANTIDADE PAGADA POR IRPF Indíquese a cota líquida paga no exercicio anterior a a data desta declaración, é dicir, o pago final se o houbese máis as retencións. (Casa 732 do modelo IRPF 100)	€
--	---

¹ As rendas que han de declararse son as percibidas no exercicio económico anterior á data da declaración.

² Deben incluírse, no seu caso, as percepcións cobradas por Plans de Pensións.


BENS PATRIMONIAIS				
BENS	Clase e características ³	Situación ⁴	Data de adquisición	Dereito sobre o ben ⁵ e título de adquisición ⁶
Bens Inmobles de natureza urbana.				
Bens Inmobles de natureza rústica.				
Bens inmobles propiedade de unha sociedade, comunidade ou entidade que non cotiza en Bolsa e da que o declarante ten accións ou participacións.				

³ Indicar se é piso, vivenda, praza aparcadoiro, local comercial, nave industrial e as características que procedan.

⁴ Indicar provincia onde estea situado o ben. Para bens radicados no estranxeiro, indicar o país.

⁵ Pleno dominio, nuda propiedade, usufruto, dereito de superficie, privativo, ganancial, en comunidade de bens, ...

⁶ Compravenda, herdanza, doazón, etc.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

OUTROS BENS OU DEREITOS

CLASE DE BEN OU DEREITO	DESCRICIÓN do BEN Ou DEREITO (Indicar sistema que se utilizou para a súa valoración dineraria)	VALOR (€) ⁷
Débeda pública, obrigacións, bonos, certificados de depósito, pagarés, e demais valores equivalentes. Accións e participacións en todo tipo de sociedades, entidades con valor económico e cooperativas.		
Sociedades participadas en mais de un 5% por outras sociedades ou entidades que sexan propiedade, en todo ou en parte, do concelleiro declarante.		

VEHÍCULOS, EMBARCACIÓNS E AERONAVES

Data de adquisición.	DESCRICIÓN ⁸

OUTROS BENS, RENDAS OU DEREITOS DE CONTIDO ECONÓMICO NON DECLARADOS EN APARTADOS ANTERIORES	VALOR (€)

⁷ En bens ou dereitos negociados en mercados organizados debe reflectirse o valor de cotización en calquera día hábil dos sesenta días anteriores á data da presente declaración e debe indicarse a data elixida. Nos bens e dereitos non cotizados en mercados organizados debe indicarse o nome da sociedade ou entidade e o valor das accións ou participacións segundo o balance anual anterior á data da presente declaración. Se non houberse balance anual anterior á declaración, o valor para declarar debe ser o teórico contable.⁸ Non indicar matrícula. Incluír vehículos, embarcacións ou aeronaves propiedade dunha sociedade que, non cotizando en Bolsa, estea participada dalgún modo polo declarante, sempre que o concelleiro/a utiliceos, aínda que sexa ocasionalmente

DÉBEDAS E OBRIGACIÓNS PATRIMONIAIS

PRESTAMOS (DESCRICIÓN E ACREDOR)	DATA CONCESIÓN	IMPORTE CONCEDIDO (€)	SALDO ⁹ PENDENTE (€)
Outras débedas e obrigacións derivadas de contratos, sentenzas ou calquera outro título.			

OBSERVACIÓNS

(Que o declarante fai constar para ampliar información que non lle coubo noutros apartados desta declaración e para deixar constancia de canto considere conveniente engadir)

--

A presente declaración realízase por: Toma de posesión Cese Outra causa

Don/Dona _____
encheu e/ou comprobado persoalmente todos os datos que aparecen na presente declaración de catro páxinas e manifesta que a mesma recolle fielmente as súas rendas e bens.

Así mesmo autorizo a que os datos contidos neste formulario figuren no portal da transparencia do Concello Cerdido

E para que así conste, a firma en _____ o ____ de _____ do _____

Firma

Ante min , a secretaria

⁹ Á data de 31 de decembro do exercicio anterior á declaración ou calquera día do mes inmediatamente anterior á data da presente declaración.

ROGOS E PREGUNTAS :


O concelleiro Benigno Galego Castro presentou as seguintes preguntas por escrito o día 21.04.2015

Obra: Camiño Porto-Soosloueiros-Pozadauga.

1. ¿Cantos metros de tubo pvc de 315 mm leva unha vez executada a obra?
2. ¿Por qué o hormigonado da cuneta non leva as medidas de material que veñen no proxecto?
3. ¿por qué debaixo do hormigonado da cuneta non se lle votou a zahorra que se contempla no proxecto?
4. ¿Por qué as medidas dos rexistros de recollida de augas pluviais non se adaptan o proxecto
5. ¿Por qué a terra sobrante se votou nunha finca que non estaba contemplada no proxecto?. ¿Fai falta algún permiso de Augas de Galicia para votar ahí eses sobrantes?. ¿Hai solicitados. eses permisos?. ¿Hai algún problema con esa actuación?. Solicitamos copia de ditos permisos.
6. ¿E normal que os tubos de recollida de pluviais teñan codos de 90 grados? ¿Non se atascarán. con facilidade?.
7. ¿Hai análises do alquitrán utilizado nesta obra?. ¿Hai análises do hormigón utilizado?. Solicitamos copia dos mesmos.
8. ¿Cantos metros en total se asfaltaran?. ¿Donde van os sohreanchos recollidos no proxecto?.
9. ¿É normal que a semana de ser asfaltada a pista xa houbera fochancas?.

A alcaldesa explica que o Director de obra aínda non fixo as medicións , nin a comprobación do camiño , non hai aínda certificacións de obra polo que non pode dicir o vai medido e o que non e sinala que é interese de todos que as obras se realicen correctamente polo que cando se concluyan as obras terás información sobre estes datos .

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que o formigado non se fixo como establece o proxecto e isto debeu ser autorizado por alguén , ou ben o director de obra o polo concelleiro de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

obras ou pola alcaldesa , así mesmo é necesario presentar as análises do formigos e solicita a saber quen autorizou botar a terra nesa parcela , e indica que xa no ano 2008 a alcaldesa afirmou que esta obra é complicada porque necesitábase permiso de augas de Galicia

A alcaldesa explica que a terra se botou na finca porque así o autorizou a propiedade e se pensou que non ocasionaría perxuízo ningún, e o decidiu a empresa .Agora hai unha denuncia presentada e se estudará que facer .

Existen queixas pola pista que vai a Aldar polo que solicita unha actuación urxente

Pregunta ao concelleiro de obra porque veta a un traballador municipal nas obras municipais , mais concretamente o meu cuñado nas obras que se fixeron no paseo ? E que pensa demostralo . E solicita que non se discrimine a ninguén por se familiar dalgún concelleiro

O concelleiro afirma que iso é mentira

O concelleiro Cándido Prieto Lago realiza as seguintes preguntas e rogos :

1.-Solicita que se roza unhas xestas que hai na saída da estrada que vai a Rañoa porque dificultan moito a circulación . A alcaldesa explica que avisará a obras públicas

2.- Existe unha tapa do rexistro xunto o bar O Tropezón que lle falta un anaco , polo que solicite que se amañe o antes posible

3.-Solicita que se realicen as reparacións necesarias no alumeadado público de Xiao porque hai queixas veciñais . A alcaldesa explica que non hai aviso no Concello de que non funcione .

O concelleiro Jairo Orjales Sande fai o seguinte rogo .

1.-Que se amañe a pista que vaia a Aldar e que se retome o tema dos rebacheos no verán e que se estude a posibilidade de utilizar aglomerado nas pistas mais transitadas para evitar gastar tanto en mantemento

2.-En relación a obra de Susloureiros a O Covelo , e certo que a ultima parte fíxose chovendo e así as obra non poden quedar ben . O concelleiro de obras afirma que a este tramo botáronlle de novo outro asfaltado . A alcaldesa explica que o interese de todos e que as obras queden ben , pero esta obras tivo moitos problemas e a empresa ten que solucionarlos .

E , non habendo mais asuntos que tratar a alcaldesa levantou a sesión sendo as doce horas e cincuenta minutos do día vinte e oito de abril de 2015. Do que eu como Secretaria dou fe :

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie